












## Vocabulario: As árbores

<p>piñeiro</p>		<p>Árbore de folla perenne en forma de agulla, que ten como froito a piña e como semente o piñón, e do cal existen varias especies.</p>
<p>carballo</p>		<p>Árbore caducifolia de gran tamaño, cerna moi dura, copa ampla, que ten como froito a landra sobre un longo pedúnculo.</p>
<p>castiñeiro</p>		<p>Árbore grande, de copa ancha, folla caduca, flores brancas e madeira moi apreciada, que ten como froito ourizos que conteñen as castañas.</p>
<p>salgueiro</p>		<p>Árbore de folla caduca, propia de lugares húmidos, da que existen numerosas especies, case todas de ramas longas e flexibles.</p>
<p>bidueiro</p>		<p>Árbore de mediana altura, follas pequenas co bordo dentado e rematadas en pico, cortiza branca ou prateada e copa irregular, que se atopa na beira dos ríos e en zonas húmidas.</p>

<p>maceira</p>		<p>Árbore de folla caduca, xeralmente co tronco retorto, pólas grosas, copa irregular, follas ovadas con peluxe no envés e flores de cor branca tirando a rosa, que dá como froito a mazá.</p>
<p>limoeiro</p>		<p>Árbore de follas alongadas e flores brancas na parte interna e rosadas na externa, que dá como froito o limón.</p>
<p>laranxeira</p>		<p>Árbore de pouca altura, follas ovadas e perennes e flores brancas moi olorosas, que ten como froito a laranxa.</p>
<p>pereira</p>		<p>Árbore silvestre ou cultivada, de follas ovadas e flores brancas, que dá como froito a pera.</p>
<p>cerdeira</p>		<p>Árbore duns cinco metros de alto, tronco liso e flores brancas, que ten como froito a cereixa.</p>
<p>loureiro</p>		<p>Árbore de copa baixa, follas perennes, en forma de punta de lanza, moi empregadas como condimento.</p>